La Voz de Galicia
HEMEROTECA
lavozdegalicia.es

EL TIEMPO
Predicción para 8 días
Consulta el tiempo en tu ciudad

NUEVOS SERVICIOS
Noticias escritorio
Titulares RSS

ANUNCIOS
Contrate a
Anuncios
de La Voz







Xoves, 9/3/2006

## CARBALLO

# A obra dos autores galegos darase a coñecer na feira de Carballo



**Este domingo comeza unha campaña de difusión literaria a través de folletos gratuítos**

Os promotores presentan a súa iniciativa nun acto público previsto para esta noite

**(c. a. | carballo)**

A feira de Carballo será, o vindeiro domingo, o punto de partida dunha iniciativa que pretende difundir a obra dos autores galegos en grandes concentracións de xente.

Publicidad




O clube de lectores Biblos, en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega e, neste caso, de Galiza Nova de Bergantiños, aproveitará o mercado quincenal para dar a coñecer ***Biblos Difusión*** , un folleto de catro páxinas que, explican os promotores da experiencia, «irá recollendo pequenos textos de creación, en prosa e en verso, que animen á xente a ler, ao tempo que unha pequena nota biobibliográfica serve de presentación do autor seleccionado».

A iniciativa, coa que non só pretenden popularizar a obra dos creadores, senón tamén de facelos visibles para a sociedade, estenderase a partir do domingo a toda Galicia.

Para esta primeira entrega reproduciuse o relato ***Amor ás cegas*** , de Francisco X. Naval, incluído no libro ***Sete noites e un amencer*** . Unha parella de invidentes é protagonista desta historia, pero nos pasos seguintes da campaña «irán aparecend textos de recoñecidos escritores e escritoras, con especial atención aos creadores c que se repartirán de forma gratuíta entre as xentes que acudan ás principais feiras engaden.

O día 12, ademais, vaise propoñer un xogo a todos os asistentes á feira, na que se presenza dunha ducia de autores, moitos deles da comarca de Bergantiños. Os org sortearán tres lotes de libros entre as persoas que acudan á caseta de información

A iniciativa vaise presentar esta noite, ás nove, nun acto público que se desenvolve Casino de Carballo. Nos salóns da histórica entidade estarán o autor de ***Amor ás c*** secretaria xeral da Asociación de Escritores en Lingua galega, Mercedes Queixas Za responsable de Galiza Nova de Bergantiños, Vítor Recarei, e o director literario de I tamén xornalista de La Voz de Galicia Tucho Calvo.

Publicidad: publicidad@lavozdegalicia.es
Contacte con nosotros: web@

Tarifas publicitarias